

Ola, son **Antón Malde** e o 2 de marzo de 2012 estarei na Biblioteca Central Rialeda para falar sobre os **“Petróglifos de Pena Furada”**  
 Nesta sinxela guía podes consultar algúns libros e web que a biblioteca seleccionou para ti relacionados con esta charla científica.




**“Os habitantes dos castros”, de Pepe Carreiro**

Este volume da colección *A Nosa Historia* de *A Nosa Terra infantil* axudará aos/as máis cativos/as a comprender a forma de vida dos/das habitantes dos castros: que alimentos formaban parte da súa dieta?, que tipos de construcións tiñan para vivir?, a que divindades pedían os seus favores?, etc.


**“Os castros galegos”, de Xulio Carballo Arceo**

Un dos fenómenos máis singulares da historia de Galicia son os castros: *ata aparecen na letra do himno galego escrita por Eduardo Pondal!!!*  
 Este libro vai respostar as túas dúbidas: Que é un castro?, De cando son?, Como son os castros?, Como podes recoñecelos sen escavar?, Que é iso de *cultura castrexa*?



**“Arqueología” de Trevor Barnes**

Chegar a coñecer os vestixios da nosa historia supón moitos esforzos e grandes doses de paciencia para os/as investigadores/as dos xacementos arqueolóxicos. Este libro preséntache algúns dos achádegos máis coñecidos: Mohenjo-Daro, Ur, Cnosos, tumba de Tutankamón, Acrópole de Atenas, Pompeia, Tenochtitlan, etc. Faltan moitos que fan da arqueoloxía algo fascinante: sen irmos lonxe, Lugo.



**“Baroña ou morte” e “No solpor da Prehistoria” de Pepe Carreiro**



Presentámosche estes dous volumes dos catro que constiúen a colección de banda deseñada *Os Barbanzóns*. Divertete coas historias de Tara, nai maior do castro de Baroña; os seus tres fillos Con, Bre e Lerankos; Guinness, a nora de orixe irlandesa; Bar, xenro das montañas orientais; os seus netos Son, Baal e Minu, e o oso chamado Banza. Para os/as máis cativos/as temos *Os pequenos barbanzóns*, a versión infantil das aventuras desta familia celta.





**“Os primeiros galegos: Prehistoria e arqueoloxía” de Felipe-Senén López Gómez**

Este libro explica o significado da arqueoloxía como ciencia teórica e técnica aplicada a Galicia, desde o Paleolítico á Idade Media. A arqueoloxía foi evoluíndo como ciencia ata a coordinación interdisciplinar: as escavacións en castros foron as que mellores resultados achegaron e en Galicia iniciáronse a comezos do século pasado. Xunto ao traballo de investigación han de ir parellas as actividades de sensibilización, divulgación, consolidación e protección.




**“Arqueoloxía de Galicia: itinerarios polo pasado” de Xulio Carballo Arceo**

Esta guía de xacementos arqueolóxicos de Galicia pretende dar a coñecer unha interesantísima parte do patrimonio cultural do noso país. Son 149 fichas con información, fotografías, ilustracións e ubicación doutros tantos lugares de valor patrimonial. Organizado en 25 rotas de interese, vainos facer pór o calzado axeitado para visitar estes lugares de gran atractivo cultural e ambiental.

**“Xacementos arqueolóxicos de Galicia: guía práctica para visitar e coñecer o patrimonio arqueolóxico galego” de Pilar Barciela e Eusebio Rey**

O título indica claramente o que é: unha guía práctica para axudar ao/á visitante a coñecer da mellor maneira os recursos arqueolóxicos. Facilitar o seu coñecemento para gozalo, difundilo e protexelo é tarefa de todos/as nós.



**A web do Proxecto Arqueolóxico da Pena Furada: [penafurada.net](http://penafurada.net)**

Imprescindible para coñecer todo sobre este xacemento arqueolóxico. Fotos, videos, textos, artigos, etc. Os progresos da investigación sobre este achádego, actualizados pola equipa de arqueólogos/as e voluntarios/as para que sexan coñecidos en todo e por todo o mundo, claro está, a través da arañeira mundial.